

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de abril de 2021**

Ás 17.00 horas do día 21 de abril de 2021, réunese a Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifesizecloud.com/6339593> remitido coa convocatoria), coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE MARZO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de marzo de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 17 de marzo de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA EN FAVOR DE QUEN PADECEU PERSECUCIÓN DURANTE O GOLPE DE ESTADO, A GUERRA CIVIL ESPAÑOLA E AS DITADURAS

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, expón detalladamente o contido da moción do seu grupo, dando lectura á proposta de acordo da dita moción.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, manifesta a reserva de voto neste asunto.

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica que este é un tema especialmente sensible, cando xa pasaron case 50 anos da desaparición do ditador e que na actualidade aínda hai problemas cunha cuestión que debера ser moi clara, como estamos vendo estes días coa cruz de Celanova. Indica en todo caso que reserva o voto e a argumentación para o Pleno.

D. José Miguel Caride Domínguez, de DO, indica que persoalmente está a favor da exposición de motivos da proposta de acordo da moción, se ben, por disciplina de grupo, reserva o voto ata o Pleno.

O **presidente da comisión** coincide con algunhas partes da moción, indicando que a estudarán con máis detemento para o Pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar por escrito aos concellos, organizacións ou entidades que aínda manteñen simboloxía franquista, fascista, antidemocrática ou calquera outra de análoga natureza, a súa inmediata retirada, co fin de cumprir a normativa vixente en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante o golpe de estado, a guerra civil e a ditadura.

2º.- Que a Deputación Provincial de Ourense non conceda subvencións ou axudas públicas aos concellos, organizacións ou entidades que manteñen simboloxía franquista, fascista, antidemocrática ou calquera outra de análoga natureza.

3º.- Que a Deputación Provincial de Ourense instale fitos ou placas de recoñecemento simbólico en lugares especialmente significativos da provincia, en recordo dos veciños e veciñas da provincia que sufriron persecución e represión durante o golpe de estado de 1936, a guerra civil e a posterior ditadura.

4º.- Que a Deputación Provincial de Ourense se sume ao proxecto “*Adoquines para o recordo*” da Fundación Stlpersteine, co fin de executar a instalación de placas identificativas dos veciños e veciñas da provincia deportados a campos de concentración e exterminio nazis.

5º.- Instar ás entidades locais da provincia de Ourense para a elaboración dun inventario municipal, en colaboración coa Deputación Provincial, que detalle as rúas, placas, símbolos, honras ou calquera outra distinción de carácter análogo, de exaltación franquista, fascista ou antidemocrática.

6º.- Instar á Xunta de Galicia para o impulso e aprobación dunha Lei de memoria democrática propia da Comunidade Autónoma.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, volve reiterar unha pregunta realizada en anteriores comisións e no Pleno, relativa á información sobre o ataque dos hackers que sufriu a Deputación Provincial no ano 2019, xa que o día 11 de abril, nun importante periódico da Comunidade Autónoma saíu información sobre ese asunto moi detallada e os grupos non tiveron aínda ningunha información.

O **presidente da comisión** explica que esa información publicada na prensa non saíu desde a Deputación Provincial e que xa sabemos que os periodistas teñen fontes para acceder á información que incluso está baixo secreto de sumario como é este caso. Engade que en todo caso esta semana se lles enviará aos grupos un breve resumo do estado das accións xudiciais.

Empraza aos grupos a que contacten co Gabinete de Asesoría Xurídica se desexan obter máis información.

E, ás 17.20 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.